



CONVENIO POR EL QUE SE FORMALIZA LA ENCOMIENDA DE GESTIÓN DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE LA MUTUALIDAD GENERAL DE FUNCIONARIOS CIVILES DEL ESTADO A LA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE LA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE GESTION DE PRESTACIONES SANITARIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

- Que a Consellería de Sanidade formalizou con MUFACE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31/12/2017 ata o 30/12/2021, podendo ser prorrogado expresamente polas partes por catro anos adicionais.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que a consellería de Sanidade presta a MUFACE, a través do seus facultativos, o apoio técnico-sanitario que precise para o desenvolvemento das súas prestacións; apoio que se materializará no informe médico dos expedientes de prestacións e no asesoramento técnico nas comisións mixtas provinciais coas entidades de seguros concertadas.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

MUFACE presta a asistencia sanitaria aos seus mutualistas e beneficiarios non directamente, senón mediante a formalización de convenios con outras entidades. Por esta razón non dispón de facultativos que poidan prestar funcións de asesoramento e informe nos expedientes que se tramitan nos seus servizos provinciais no marco das competencias que ten atribuídas. A especial natureza técnica do obxecto destes



expedientes esixe que, para a súa resolución, sexa necesario contar co asesoramento e informe técnico-sanitario previo de facultativos especializados na xestión de prestación sanitarias.

Para estes efectos, a Consellería de Sanidade a través do corpo de Inspección Sanitaria dispón dos medios necesarios para realizar estas funcións de informe e asesoramento.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

